



Xosé Magariños Maceiras, portavoz do Grupo Municipal do BNG, presenta para a súa toma en consideración e aprobación polo Pleno da Corporación a seguinte Moción:

No mes de novembro de 2011 comezaron a chegar aos propietarios das parcelas do Monte Liñares afectadas polo *Proxecto sectorial da Cidade do Moble da Estrada*, aprobado mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia do 24 de febreiro de 2011, as notificacións, emitidas pola Xerencia Territorial do Catastro, dos valores catastrais correspondentes as respectivas propiedades.

A Cidade do Moble ao longo dos últimos 18 meses, dende a resolución do 25 de febreiro de 2011 pola que se fai pública a aprobación definitiva ata hoxe, estivo e está totalmente parada, sen que a Administración comprometa ningunha data para iniciar a súa execución e sen que haxa provisións orzamentarias que a fagan realidade.

Por conseguinte, as parcelas con solo sen edificar do Monte Liñares continuarán destinadas polos seus propietarios a uso agrícola ou forestal igual que viñeron facendo tradicionalmente, pero co agravante de que se lles repercute unha carga tributaria que non lles corresponde, e que perden todo valor de mercado ao ficaren inmovilizadas por un polígono que as afecta e que non se executa.

As valoracións catastrais notificadas clasifican as parcelas como urbanas e establecen os valores de solo en polígono, cos seus importes respectivos, determinando un valor catastral como se se tratase dun polígono industrial en pleno uso e actividade, aínda que, ao non executarse, devén nun valor desproporcionado.

Neste momento a oficina do ORAL xa ten preparados para pasar ao cobro os recibos de contribución (Imposto de Bens Inmóveis de Urbana) correspondentes ao exercicio 2012, cuxos importes, resultado de aplicar ao valor catastral referido o tipo impositivo, son abusivos e discriminatorios, non tendo nada que ver coa realidade actual nin co uso e valor das parcelas do monte. É un importe gravoso e inasumible para as

propietarios, que deixa as súas propiedades cunha sobrecarga tributaria para moitos anos.

Non procede gravar unha contribución sobre un uso que non se pode efectuar por canto a Administración non executou o polígono, polo tanto teñen que ser as propias administracións as que busquen a solución para que, mentres non se constrúa a Cidade do Moble, estas propiedades tributen conforme ao uso que teñen na actualidade e sexan, en consecuencia, anulados os recibos de contribución emitidos.

Tendo en conta o anteriormente citado, e en base ao artigo 216 da Lei xeral Tributaria (procedementos xerais de revisión), que permite en determinadas circunstancias a revogación de tributos emitidos e, en base ao artigo 219 desta mesma lei sobre a revogación dos tributos e de imposición de sancións, xa que a administración tributaria poderá revogar os seus actos en beneficio dos interesados cando as circunstancias sexan sobrevidas, tendo en conta ademais que cando a ponencia estivo en exposición aínda se prevía que o proxecto da cidade do moble podería saír adiante e, agora, vistos os orzamentos da Xunta, está claro que non sairá adiante nin a curto nin a medio prazo, o pleno da corporación municipal toma o seguinte

ACORDO:

Proceder a revogación dos recibos do Imposto de Bens Inmóveis de Urbana correspondentes ao exercicio 2012 e seguintes mentres non haxa compromiso en firme por parte da administración galega para a construción do *Proxecto Sectorial Cidade do Moble da Estrada*.

A Estrada a 12 de Agosto de 2.012

Asdo.: Xosé Magariños Maceiras.

